

Expediente MPT nº 22.037

PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARA A CONTRATACIÓN, MEDIANTE PROCEDIMIENTO ABERTO (VARIOS CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN) TRAMITACIÓN URGENTE, DO SERVIZO DE “IMPLANTACIÓN DA ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA NO CONCELLO DE BURELA” FINANCIADA CON CARGO Ó FONDO ESTATAL PARA O EMPREGO E A SOSTIBILIDADE LOCAL.

1. Obxecto do contrato.

O contrato terá por obxecto a execución do servizo denominado “Implantación da Administración electrónica no Concello”, con suxeición ó proxecto técnico redactado polo Enxeñeiro Industrial, colegiado nº 321, José Miguel Blanco García, aprobado por acordo da Xunta de Goberno Local de data 8 de marzo de 2010, integrado polos documentos enumerados no artigo 107 da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de Contratos do Sector Público (en adiante LCSP), incluído o correspondente Estudo Básico de Seguridade e Saúde, de acordo co desposto no artigo 4 do Decreto 1627/97.

As prescricións técnicas son as reguladas no meritado proxecto, que se atopa a disposición dos licitadores nas dependencias municipais para o seu exame e consulta. O proxecto reúne os requisitos dos artigos 2, 9 e 10 do Real Decreto-Lei 13/2009, do 26 de outubro, polo que se crea o Fondo Estatal para o Emprego e a Sostibilidade local.

2. Necesidades administrativas a satisfacer mediante o contrato.

Mediante a execución do contrato a que se refire este Prego de cláusulas administrativas particulares satisfáise a seguinte necesidade: implantación da Administración electrónica no Concello.

Ós efectos esixidos no artigo 22 da Lei de Contratos do Sector Público, a natureza e extensión das necesidades que se pretenden satisfacer co contrato que regula o presente Prego, así como a idoneidade do seu obxecto e contido para satisfacelas, especificanse na memoria e no proxecto de obras.

3. Delimitación do contrato

Sendo que, para os efectos do presente Prego e da LCSP, están suxeitos a regulación harmonizada os contratos de obras cuxo valor estimado sexa igual ou superior á cantidade que figura no artigo 14.1 da LCSP, o contrato ó que se refire o presente non está suxeito a regulación harmonizada.

4. Orzamento do contrato e tipo de licitación

O prezo do presente contrato ascende á contía de 83.472,72 € (IVE incluído). O prezo certo anterior queda analizado nun valor estimado de 71.959,24 € e no Imposto sobre o Valor Engadido de 11.513,48 €

Na contratación deste servizo, entenderáse que os contratistas, ó formular as súas propostas económicas, incluírán dentro das mesmas o importe do Imposto sobre o Valor Engadido, sen prexuízo de que o importe de este imposto se indique como partida independente, de conformidade co artigo 75.2 da LCSP e modelo de oferta económica do presente Prego.

Asemade, entenderáse que o orzamento aprobado pola Administración comprende todos os gastos directos e indirectos que o contratista deba realizar para a normal execución do servizo contratado, e calquera outra que resulte de aplicación segundo as disposicións vixentes, e toda clase de impostos e licenzas tanto municipais, provinciais como estatais, agás o IVE que figurará como partida independente.

5.- Financiamento e aplicación orzamentaria.

O pagamento das cantidades correspondentes ao orzamento do contrato de servizos aboarase nunha soa anualidade correspondente ano ano 2010.

A partida orzamentaria é a 920.626.00

O proxecto finánciase con cargo ó Fondo Estatal para o Emprego e a Sostibilidade Local, creada polo Real decreto 13/2009, do 26 de outubro.

6. Réxime xurídico do contrato e documentos que teñen carácter contractual.

Sen prexuízo do disposto con carácter xeral para os contratos das Corporacións Locais, o contrato rexerese polas seguintes normas:

- Real Decreto Lei 13/2009, do 26 de outubro, polo que se crea o Fondo Estatal para o Emprego e a Sostibilidade local.
- Lei 30/2007, do 30 de outubro, de Contratos do Sector Público.
- Real Decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de Contratos do Sector Público.
- Regulamento xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas aprobado por Real Decreto 1098/2001, do 12 de outubro, no que non se opoña á Lei 30/2007.
- Resolución da Secretaría de Estado de Cooperación Territorial do 2 de novembro de 2009.

Ademais do presente Prego, terán carácter contractual os seguintes documentos:

- O prego de prescricións técnicas.
- Os planos.
- A memoria do proxecto no contido que se determina no artigo 128 de Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas.
- O programa de traballo aceptado polo órgano de contratación.
- Os cadros de prezos.
- O documento en que se formalice o contrato.

7. Prazo de execución.

O prazo de execución do contrato será de sesenta (60) días. O prazo contarase sempre en días naturais. En todo caso, o servizo deberá de rematar antes do 31 de decembro de 2010 (en todo caso deberá cumprirse o disposto no artigo 16 do RD- Lei 13/2009, do 26 de outubro).

8. Revisión de prezos.

Atendendo á natureza do servizo, non procederá en ningún caso a revisión de prezos do presente contrato e polo tanto, non se aplicará ningunha fórmula de revisión. O contrato entenderase a risco e ventura do contratista.

9. Clasificación do contratista

Non se esixe clasificación aos licitadores, posto que segundo o artigo 54.1 da LCSP será indispensable este requisito cando se trate de contratos de obras de importe igual ou superior a 120.000 €

10. Prórrogas

O prazo contractual so poderá prorrogarse cando concurran as circunstancias e requisitos esixidos pola lexislación e normativa aplicable vixente.

11.- Capacidade para contratar.

Poderán concorrer, por si mesmo ou por medio de representante, as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, que tendo plena capacidade de obrar non estean comprendidas nalgunha das circunstancias que enumera o artigo 43 e 49 da LCSP, e acrediten a súa solvencia económica, financeira e técnica.

12. Unións temporais de empresas

A Administración poderá contratar con unións de empresarios que se constituían temporalmente para o efecto, de conformidade co disposto no artigo 48 da LCSP. Para estes efectos, cada unha das empresas que a componen deberán indicar nomes e circunstancias dos que a constituían e a participación de cada un, así como que asumen o compromiso de constituírse formalmente en unión temporal, en caso de resultar adxudicatarios do contrato. Asemade, deberán presentar cada unha a documentación esixida no Prego e acreditar a súa capacidade e solvencia nos termos do presente Prego, acumulándose para os efectos da determinación da solvencia da unión temporal as características acreditadas para cada un dos seus integrantes. E no caso de que se esixa clasificación estarase ao disposto no artigo 56.5 da LCSP.

No suposto de resultar adxudicataria, as unións temporais deberá de formalizar esta en escritura pública, así como presentar o CIF de unións temporais, todo isto dentro do prazo de quince días seguintes ao da data en que reciba a notificación da adxudicación, e a súa duración será coincidente coa do contrato ata a súa extinción.

Os empresarios que concurran agrupados en unións temporais quedarán obrigados solidariamente diante da Administración.

13. Procedemento de adxudicación.

O contrato adxudicarase aplicando o procedemento aberto e trámite de urxencia ó que se refiren os artigos 96 e 128 da Lei para os efectos de redución de prazos, nos termos establecidos no artigo 17 do Real Decreto-Lei 13/2009, do 26 de Outubro.

14. Gastos a aboar en caso de renuncia ou desistimento

En caso de renuncia ou desistimento, compensarase a cada un dos licitadores polos gastos en que incorrese. Iso non obstante, esta indemnización non superará en ningún caso o límite de 300 €

15. Presentación de ofertas.

A documentación para as licitacións presentarse en sobres pechados, identificados, no seu exterior, con indicación da licitación á que concorran e asinados polo licitador ou a persoa que o represente e indicación do nome e apelidos ou razón social da empresa. No interior de cada sobre farase constar en folla independente o seu contido, enunciado numericamente.

Os sobres presentaranse no Rexistro Xeral do Concello de Burela, en horario de atención ó público (de 8:00 h a 15:00 h), no prazo que se estableza no anuncio de licitación publicado no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

De igual modo, as ofertas poderán ser presentadas por correo. En tal caso, o empresario deberá xustificar a data de imposición do envío na oficina de Correos e anunciar ao órgano de contratación a remisión da oferta mediante télex, fax ou telegrama no mesmo día.

Sen a concorrencia de ámbolos dous requisitos non será admitida a documentación se é recibida polo órgano de

contratación con posterioridade á data e hora da terminación do prazo sinalado.

Transcorridos, non obstante, dez días seguintes á indicada data sen recibirse a documentación, esta non será admitida en ningún caso, tal e como prevé o artigo 80.4 *in fine* do RGLCAP.

Unha vez entregada ou remitida a documentación, non poderá ser retirada, agás que a retirada da proposición sexa xustificada.

Toda a documentación a presentar polos licitadores terá que ser orixinal ou ben copias que teñan carácter de auténticas ou compulsadas conforme á lexislación vixente na materia. Asemade, os licitadores presentarán a súa documentación en castelán ou galego.

16. Forma en que deben presentarse as ofertas.

As ofertas presentaranse en dous sobres numerados correlativamente:

A) O SOBRE Nº 1. Conterá, de conformidade co que dispón o artigo 130 da Lei 30/2008, do 30 de Outubro, a seguinte documentación que deberá reunir os requisitos de autenticidade previstos nas Leis:

1º) Documentos acreditativos da personalidade xurídica: Os empresarios individuais, copia auténtica do DNI; os empresarios persoas xurídicas, a escritura ou os documentos en que conste a constitución da entidade e os estatutos por que se rexa, debidamente inscritos no Rexistro Mercantil ou no que corresponda, así como a copia compulsada da Tarxeta de Código de Identificación Fiscal (CIF).

A capacidade de obrar dos empresarios non españois que sexan nacionais de Estados membros da Unión Europea acreditarase pola súa inscrición no rexistro procedente de acordo coa lexislación do Estado onde están establecidos, ou mediante a presentación dunha declaración xurada ou un certificado, nos termos que se establezan regulamentariamente, de acordo coas disposicións comunitarias de aplicación.

Os demais empresarios estranxeiros deberán acreditar a súa capacidade de obrar con informe da Misión Diplomática Permanente de España no Estado correspondente ou da Oficina Consular no ámbito territorial da cal radique o domicilio da empresa.

2º) Documentos acreditativos da representación: Cando a proposición non apareza asinada polos licitadores deberá incluírse o poder outorgado a favor de quen ou quen subscriban a proposición xunto cunha copia auténtica do Documento Nacional de Identidade do ou os apoderados. O poder deberá de ser bastantado pola Secretaria da Corporación, Notario, Letrado en exercizo ou funcionario habilitado.

3º) Documento de compromiso de constituír, se é o caso, unha Unión Temporal de Empresas: Nos casos en que varios empresarios concorran agrupados en unión temporal achegarán ademais un documento, que poderá ser privado, no que, para o caso de resultar adxudicatarios, se comprometan a constituila. Este documento deberá ir asinado polo representante de cada unha das empresas e nel expresarase a persoa a quen designan representante da UTE ante a Administración para todos os efectos relativos ao contrato, así como a participación que a cada un deles corresponda na UTE.

4º) Documentos acreditativos da clasificación. Cando sexa esixible a clasificación do contratista, incluírse o certificado que acredite que a empresa licitadora está clasificada nos termos esixidos neste prego.

As empresas que se atopen pendentes de obter a clasificación, deberá achegar o documento acreditativo de presentar a correspondente solicitude para iso, debendo xustificar que obtivo a clasificación esixida no prazo previsto para a subsanación de defectos ou omisións na documentación.

A falta ou insuficiencia da clasificación non poderá suplirse mediante a integración da solvencia con medios externos.

As empresas comunitarias, non españolas, poderán acreditar a clasificación mediante os certificados de clasificación ou documentos similares que acrediten a súa inscrición en listas oficiais de empresarios autorizados para contratar establecidas polos Estados membros da Unión Europea ou mediante certificación emitida por organismos que respondan ás normas europeas de certificación expedidas de conformidade coa lexislación do Estado membro en que estea establecido o empresario. Os devanditos documentos deberán indicar as referencias que permitiran a inscrición do empresario na lista ou a expedición da certificación, así como a clasificación obtida.

5º) Documento constitutivo da garantía provisional ou resguardo acreditativo da súa constitución, cando se esixa.

6º) Documento acreditativo de non estar incurso en prohibición de contratar que incluíra, asemade, a manifestación de acharse ao corrente do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes, sen prexuízo de que a xustificación acreditativa de tal requisito deba presentarse, antes da adxudicación definitiva, polo empresario a favor do cal se vaia efectuar esta, e segundo o seguinte modelo:

“D/Dª....., con DNI e domicilio en....., provincia de....., rúa nº....., en nome propio ou en representación da empresa....., á que representa no procedemento de adxudicación do contrato de execución do servizo de.....,

Declara que nin a empresa nin os seus administradores ou órganos de dirección están incursos en prohibicións de contratar coa Administración establecidas no artigo 49 e 130.l.c) da LCSP. Asemade declara que está ao corrente do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social (Lugar, data e sinatura do proponente)”.

7º) Acreditación da solvencia cando non proceda esixir a clasificación: A solvencia económica e financeira e a solvencia técnica e profesional do empresario deberá acreditarse, a criterio do órgano de contratación, en función do obxecto do contrato, do seu importe e das súas características por un ou varios dos medios seguintes:

-Solvencia financeira:

Elixir un ou varios dos medios seguintes:

- a) Declaracións apropiadas de entidades financeiras ou, no seu caso, xustificante da existencia dun seguro de indemnización por riscos profesionais.
- b) Contas anuais presentadas no Rexistro Mercantil ou no Rexistro oficial que corresponda. Os empresarios non obrigados a presentar as contas en Rexistros oficiais poderán achegar, como medio alternativo de acreditación, os libros de contabilidade debidamente legalizados.
- c) Declaración sobre o volume global de negocios e, no seu caso, sobre o volume de negocios no ámbito de actividades correspondente ao obxecto do contrato, referido aos tres últimos exercicios dispoñibles en función da data de creación ou de inicio das actividades da empresa.

- Solvencia técnica e profesional:

A solvencia técnica e profesional acreditarase polos seguintes medios.

Elixir un ou varios dos medios seguintes:

- a) Relación das obras executadas no curso dos cinco últimos anos, avalada por certificados de boa execución para as obras máis importantes; estes certificados indicarán o importe, as datas e o lugar de execución das obras e precisarase se se realizaron segundo as regras polas que se rexe a profesión e se levaron normalmente a bo termo; no seu caso, ditos certificados serán comunicados directamente ao órgano de contratación pola autoridade competente.
- b) Declaración indicando os técnicos ou as unidades técnicas, estean ou non integradas na empresa, dos que esta dispoña para a execución das obras, especialmente os responsables do control de calidade, acompañada dos documentos acreditativos correspondentes.
- c) Títulos académicos e profesionais do empresario e dos directivos da empresa e, en particular, do responsable ou responsables das obras.
- d) Nos casos axeitados, indicación das medidas de xestión ambiental que o empresario poderá aplicar ao executar o contrato.
- e) Declaración sobre o persoal medio anual da empresa e a importancia do seu persoal directivo durante os tres últimos anos, acompañada da documentación xustificativa correspondente.

f) Declaración indicando a maquinaria, material e equipo técnico do que se disporá para a execución das obras, á que se achegará a documentación acreditativa pertinente.

8º) Documentación adicional esixida a todas as empresas estranxeiras. As empresas estranxeiras, nos casos en que o contrato se vaia executar en España, deberán presentar unha declaración de someterse á xurisdición dos xulgados e tribunais españois de calquera orde, para todas as incidencias que de modo directo ou indirecto puidesen xurdir do contrato, con renuncia, no seu caso, ao foro xurisdiccional estranxeiro que puidese corresponder ao licitador.

9º) Domicilio: Todos os licitadores deberán sinalar un domicilio para a práctica de notificacións. Esta circunstancia poderá ser complementada indicando unha dirección de correo electrónico e un número de teléfono e fax.

10º) Empresas que teñan no seu equipo persoas con minusvalidez ou en situación de exclusión social. Os licitadores que pretendan contar para a adxudicación coa preferencia regulada na disposición adicional 6ª da LCSP, deberán presentar os documentos que acrediten que, ó tempo de presentar a súa proposición, ten no seu equipo un número de traballadores con minusvalidez superior ao 2 por 100 ou que a empresa licitadora está adicada especificamente á promoción e inserción laboral de persoas en situación de exclusión social, xunto co compromiso formal de contratación á que se refire a Disposición Adicional 6º da Lei 30/2007, do 30 de Outubro, de Contratos do Sector Público.

11º) Os licitadores deberán achegar, co fin de dar cumprimento ó establecido no Real Decreto-Lei 9/2008, do 28 de novembro, unha **declaración responsable na que se faga constar o número de traballadores que se van a adscribir á obra** (tanto os traballadores integrados na empresa, como os de nova contratación) e que, no caso de resultar adxudicatario do contrato, **se compromete a que o novo persoal que o contratista necesite empregar para a execución da obra se atope en situación legal de desemprego**, enténdéndose que se atopen en tal situación aqueles que cumplan os requisitos establecidos no artigo 208 da Lei Xeral da Seguridade Social.

B) O SOBRE Nº 2. Conterá a oferta económica na que se expresará o prezo de execución do contrato debendo figurar como partida independente o importe do Imposto sobre o Valor Engadido. A oferta económica presentárase conforme ao modelo que se incorpora como ANEXO I.

Neste sobre incluíranse tamén, se procede, a proposta relativa aos criterios de adxudicación establecidos no presente Prego.

17. Prazo de presentación das ofertas e demais os seus requisitos.

As proposicións presentáranse dentro do prazo fixado no anuncio de licitación.

As ofertas dos interesados deberán axustarse ao previsto no prego de cláusulas administrativas particulares, e a súa presentación suporá a aceptación incondicionada polo empresario do contido da totalidade das devanditas cláusulas ou condicións, así como do proxecto e do prego de prescricións técnicas, sen salvidade ou reserva ningunha.

As ofertas serán secretas e arbitraranse os medios que garantan tal carácter ata o momento en que deba procederse á súa apertura en público destas.

Cada licitador non poderá presentar máis dunha oferta, sen prexuízo da admisibilidade de variantes ou melloras cando se permita a súa presentación.

Tampouco poderá subscribir ningunha proposta en unión temporal con outros se o fixo individualmente ou figurar en máis dunha unión temporal. A infracción destas normas dará lugar á non admisión de todas as propostas por el subscritas.

18. Garantía provisional

Non se esixe a constitución da garantía provisional neste contrato (artigo 91.1 da LCSP).

19. Criterios para a adxudicación do contrato.

A adxudicación do contrato efectuaráse mediante a valoración dos seguintes criterios: prazo de execución, número do persoal a contratar para a adxudicación da obra, número de persoal xa contratado pola empresa que se destinará á execución da obra, ampliación do prazo de garantía da obra, melloras do proxecto e prezo.

A adxudicación do contrato efectuarase mediante a valoración dos seguintes criterios (por orde decrecente de importancia):

-Prazo de execución: ata 10 puntos.

-Volume total da man de obra empregada: ata 6 puntos.

-Volume de man de obra de nova contratación (este persoal deberá ter necesariamente a situación legal de desempregado, segundo o previsto no artigo 208 da Lei Xeral de Seguridade Social): ata 4 puntos.

-Melloras do proxecto: ata 3 puntos.

-Ampliación do prazo de garantía: ata 2 puntos.

-Prezo: ata 1 punto.

20. Criterios para a consideración de que a oferta contén valores anormais ou deas-proporcionados.

Considerarase que a oferta contén valores anormais ou desproporcionados nos seguintes casos:

a) Se o contrato debe adxudicarse tendo en conta un único criterio de valoración, cando se cumpra o disposto no artigo 85 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas.

b) Cando a adxudicación se deba facer tendo en conta máis dun criterio de adxudicación, sempre que o prezo ofertado sexa inferior nun 10% á media do total dos ofertados.

21. Confidencialidade.

Sen prexuízo das disposicións da Lei 30/2007, do 30 de Outubro relativas á publicidade da adxudicación e á información que debe darse aos candidatos e aos licitadores, estes poderán designar como confidencial parte da información facilitada por eles ao formular as ofertas, en especial con respecto aos segredos técnicos ou comerciais e aos seus aspectos confidenciais. Os órganos de contratación non poderán divulgar esta información sen o seu consentimento.

De igual modo, o contratista deberá respectar o carácter confidencial daquela información á que teña acceso con ocasión da execución do contrato á que se lle dese o referido carácter nos pregos ou no contrato, ou que pola súa propia natureza deba ser tratada como tal. Este deber manterase durante un prazo de cinco anos dende o coñecemento desa información, salvo que os pregos ou o contrato establezan un prazo maior.

22. Apertura da documentación e das ofertas.

a) Para a cualificación dos documentos e o exame e a valoración das ofertas designaranse as persoas que comporán a Mesa de contratación de conformidade con establecido en disposición adicional segunda, apartado 10, de Lei de contratos de sector público e no artigo 21 do Real decreto 817/2009, do 8 de maio.

A cualificación da documentación presentada a que se refire o artigo 130.1 da Lei 30/2007, do 30 de Outubro, de Contratos do Sector Público efectuarase pola Mesa de contratación constituída ó efecto. O presidente ordeará a apertura dos sobres que a conteñan, e o secretario certificará a relación de documentos que figuren en cada un de eles.

b) Se se observasen defectos ou omisións subsanables na documentación presentada, comunicarase verbalmente aos interesados, sen prexuízo de que estas circunstancias se fagan públicas a través de anuncios do órgano de contratación, concedéndose un prazo non superior a tres días hábiles para que os licitadores os corrixan ou emenden ante a propia Mesa de contratación.

Do actuado deixarase constancia na acta que necesariamente deberá estenderse.

c) Unha vez cualificada a documentación e emendados, no seu caso, os defectos ou omisións da documentación presentada declararanse admitidos á licitación aos licitadores que acreditaran o cumprimento dos requisitos previos indicados no artigo 130 da Lei facendo declaración expresa dos rexeitados e das causas do seu rexeitamento.

d) Realizadas estas actuacións, celebrarase o acto público de apertura das proposicións no lugar e día que previamente se sinalara, e que se desenvolverá de conformidade co artigo 83 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións públicas.

A estes efectos, cando para a valoración das ofertas deban de terse en conta criterios de adxudicación cuxa ponderación dependan de un xuízo de valor, no acto anterior só se efectuará a apertura das documentacións relativas a eles, abrindo o sobre ou, no seu caso, o arquivo electrónico correspondente ós criterios non cuantificables automaticamente entregándose ó órgano encargado da súa valoración a documentación contida no mesmo; asemade, fixarase data para a celebración do acto de apertura do resto da proposición cando non se fixera xa no Prego de cláusulas, deixando constancia documental de todo o actuado.

En todo o demais, este acto desenvolverase seguindo as formalidades previstas nos artigos 26 e 27 do Real decreto 817/2009, do 8 de maio, e no non previsto por eles, polo artigo 83 do Regulamento xeral da Lei de Contratos das Administracións públicas.

No día e hora sinalados abrirase a documentación relativa ós criterios de adxudicación cuxa ponderación deba de efectuarse mediante a aplicación de fórmulas, que comezará pola lectura da valoración asignada ós elementos da oferta que deban de ponderarse en función de xuízos de valor, abríndose posteriormente os sobres ou arquivos electrónicos e dando a coñecer o contido dos mesmo.

23. Adxudicación provisional e definitiva.

A adxudicación provisional acordarase polo órgano de contratación en resolución motivada na que se concretarán e fixarán os termos definitivos do contrato e publicarase conforme ao establecido nos artigos 42 e 135.3 da Lei de Contratos do Sector Público.

En todo caso, a adxudicación provisional dos correspondentes contratos deberá efectuarse no prazo máximo de 20 días naturais, contados dende aquel en que se soliciten as ofertas.

Para que a adxudicación provisional sexa elevada a definitiva, o adxudicatario deberá presentar a seguinte documentación:

- Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar, que incluíra ademais a certificación de acharse ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.
- Constituír a garantía definitiva por importe do 5% do importe da adxudicación, excluído o Imposto sobre o Valor Engadido, e por calquera dos medios ó que se refire o artigo 84 da LCSP.

A adxudicación provisional deberá elevarse a definitiva mediante resolución motivada dentro dos cinco días hábiles seguintes a aquel en que expire o prazo establecido no artigo 17.1 b) do Real Decreto-Lei 13/2009, do 26 de Outubro, e publicarase no Perfil do Contratante do órgano de contratación.

Cando os licitadores concorran en Unión Temporal de Empresas, a escritura de constitución deberá achegarse antes da formalización do contrato.

Igualmente, cando se esixa ao adxudicatario que concerte algún tipo de seguro, antes da formalización do contrato, deberá achegarse a póliza correspondente.

24.- Formalización do contrato

O contrato formalizarase en documento administrativo dentro do prazo de 5 días hábiles contados dende o seguinte ó da notificación da adxudicación definitiva. O documento en que se formalice o contrato será en todo caso administrativo, constituíndo título suficiente para acceder a calquera rexistro público.

Non obstante, o contrato formalizarase en escritura pública cando o solicite o contratista, sendo á súa costa os gastos derivados do seu outorgamento. Se por causa imputable ao adxudicatario non puidese formalizar o contrato dentro do prazo indicado, o concello, conforme ao que autoriza o artigo 140.3 da LCSP, poderá acordar a súa resolución, así como a incautación da garantía provisional que se constituíse, se fose o caso, e a indemnización dos danos e prexuízos ocasionados, sendo de aplicación o previsto no artigo 195.3 a) da LCSP, en canto á intervención do Consello de Estado ou órgano autonómico equivalente nos casos en que se formule oposición polo contratista.

Se as causas da non formalización foran imputables ao Concello, indemnizarase ao contratista dos danos e prexuízos que a demora lle puidera ocasionar, con independencia de que poida solicitar a resolución do contrato ao amparo da letra d) do artigo 206 da LCSP.

Non obstante, e ao tramitarse o presente expediente por urxencia, poderá iniciarse a execución do contrato sen a previa formalización, de acordo co previsto no artigo 96.2.c) da LCSP.

25. Responsable do contrato.

O órgano de contratación poderá designar unha persoa responsable do contrato conforme se establece no artigo 41 da Lei de contratos do sector público.

26. Execución do contrato.

O adxudicatario achegará, con posterioridade á sinatura do contrato, a documentación acreditativa da contratación e dedicación de persoal ó servizo, segundo se determina:

Por cada traballador achegarase:

-Declaración xurada onde conste a relación de persoal que se vai a destinar á execución da obra, con especificación do persoal integrado na empresa e o persoal de novo ingreso. Deberá de figurar nesa relación os nomes e apelidos de cada un dos traballadores, o seu número de documento nacional de identidade ou número de identificación de estranxeiro, modalidade de contrato de traballo que o vincula á empresa, duración do contrato de traballo e se se trata de persoal de novo ingreso especificarase en que suposto se atopaba o traballador de desemprego antes de ser contratado pola empresa adxudicataria (por ex. finalización de contrato por obra ou servizo, despedimento, despido colectivo....)

Por cada traballador achegarase:

- a) Copia do contrato de traballo.
- b) Informe da vida laboral do traballador.
- c) Fotocopia do DNI ou documento equivalente.

Asemade para os traballadores de novo ingreso, deberá achegarse:

- a) Declaración xurada do traballador na que manifeste que estaba en situación legal de desemprego antes de ser contratado pola empresa.....para executar o servizo.....(sinalarase o nome do servizo sobre a que versen os pregos).
- b) Para o caso de que se contratara mediante un Servizo Público de Colocación, xustificación procedente da oficina pública en cuestión na que se precise este extremo (informe de período de inscrición).

Prohibición para contratar a través de empresas de traballo temporal: queda expresamente prohibida a contratación de traballadores de empresas de traballo temporal. A vulneración da devandita prohibición será causa de resolución do contrato.

27. Prazos

O adxudicatario estará obrigado ao cumprimento do prazo total fixado para a realización do contrato, así como dos prazos parciais que, no seu caso, se establecesen.

28 Réxime de pagamentos.

O pagamento efectuarase unha vez executada a prestación obxecto do contrato e expedida a declaración de recepción de conformidade, xa sexa parcial ou total, tal e como dispoñen os artigos 200 e 283 da LCSP.

De conformidade co disposto no artigo 17.5 do Real Decreto-Lei 13/2009, do 26 de outubro, os concellos terán a obriga de aboar aos contratistas o prezo do contrato dentro dos trinta días naturais seguintes á data de recepción da conformidade.

O contratista poderá desenvolver os traballos con maior celeridade que a prevista para que as obras se executen no prazo ou prazos contractuais, salvo que, a xuízo da Dirección das obras, existisen razóns para consideralo inconveniente. As certificacións así expedidas só devengar intereses por demora dende a data sinalada no artigo 152 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas.

O contratista terá dereito a percibir tamén abonos a conta nos termos establecidos nos artigos 200.3 da Lei de Contratos do Sector Público e 155 e 156 do Regulamento. En todo caso, esixíraselle a constitución de garantía en forma de aval, ou outra admitida pola Lei.

29 Condicións especiais de execución.

Será condición de execución do contrato a que se refire este prego, de conformidade co disposto no artigo 9.2 do Real Decreto-Lei 13/2009, do 26 de outubro, que o novo persoal que o contratista necesite empregar para a execución do servizo se atope en situación de desemprego. Para estes efectos, só se computarán os contratos realizados ou por realizar cos traballadores desempregados inscritos nos Servizos Públicos de Emprego correspondentes como demandantes de emprego non ocupados e os realizados ou por realizar con traballadores autónomos que cesaran na súa actividade e que estean inscritos nos Servizos Públicos de Emprego correspondentes, como demandantes de emprego non ocupados.

30. Lexislación laboral e Seguridade Social.

O contratista deberá observar as disposicións vixentes en materia laboral e de Seguridade Social. O contratista deberá, en todo caso, axustarse á diferente normativa que rexa as relacións laborais no seo da súa empresa, incluídas a regulación vixente sobre seguridade e hixiene no traballo. Así, deberá de acomodarse ó Plan de Seguridade e Saúde que, de conformidade co Estudo básico contido no proxecto aprobouse o Concello, así como as instrucións dadas polo coordinador en materia de seguridade e saúde no curso de execución das obras.

Expresamente precísase que non xurdirá relación contractual de ningún tipo entre o Concello e o persoal ao servizo da empresa a consecuencia da execución do contrato por esta.

31. Prevención de riscos laborais

O contratista deberá observar as disposicións vixentes en materia de seguridade e hixiene no traballo e prevención de riscos laborais.

32. Gastos de transporte e almacenaxe

O contratista estará obrigado a sufragar os gastos de transporte de materiais ata o lugar sinalado e no prazo convindo e, se é o caso, os gastos de almacenaxe e depósito.

33. Custodia e conservación

O contratista deberá de responder da custodia e conservación dos materiais e instalacións, sen que teña dereito a indemnización por causa de avaría, perdas ou prexuízos nos bens, ata a aprobación da devolución da garantía definitiva.

34. Gastos de anuncios e tributos varios

O adxudicatario virá obrigado a pagar todos os gastos, de publicación de anuncios de licitación en diarios oficiais e medios de comunicación.

Asemade, deberá pagar todos os impostos, contribucións, taxas e prezos públicos que pesen sobre o contrato ou se é o caso, sobre o obxecto do contrato, así como obter a licenza de obras ou imposto sobre construcións, instalacións e obras, e o aboamento do imposto correspondente.

Serán por conta do adxudicatario e sen que supoña ningún custo para a Administración, a realización daqueles proxectos de instalacións e equipos que se é o caso se prevexan no proxecto (electricidade, centros de transformación, aparellos elevadores, climatización, etc...) que sexan necesarios para a aprobación polos organismos competentes da Administración, así como a tramitación perante os ditos organismos e pagamento das taxas correspondentes.

35. Carteis e sinais

O contratista deberá colocar, á súa costa, no lindeiro do soar ou vía pública onde se execute o servizo, cartel coas características establecidas na Resolución do 20 de xaneiro de 2010, da Secretaría de Estado de Cooperación Territorial.

Transcorridos seis meses contados dende a recepción, e en todo caso, antes da devolución da garantía deberá proceder á retirada do cartel á súa costa.

Asemade, o contratista está obrigado a instalar á súa costa as sinais indicativas de obras, perigo, precaución, desviación, etc..., de conformidade co disposto no Código da Circulación e normativa de prevención de riscos laborais, e a adoptar todas as precaucións precisas dende o comezo do servizo ata a súa total terminación, sendo persoalmente responsable dos accidentes motivados por incumprimento desta cláusulas.

36. Penalidades

Imporanse penalidades ao contratista cando incorra nalgunha das causas previstas a continuación:

a) Por incumprimento das condicións especiais de execución. O incumprimento de calquera das condicións de execución establecidas neste prego dará lugar á imposición ao contratista das seguintes penalidades:

- Como regra xeral, a súa contía será un 1% do importe de adxudicación do contrato, salvo que, motivadamente, o órgano de contratación estime que o incumprimento é grave ou moi grave, en cuxo caso poderán alcanzar ata un 5% ou ata o máximo legal do 10%, respectivamente. A reiteración no incumprimento poderá terse en conta para valorar a gravidade.
- Faranse efectivas mediante dedución das cantidades que, en concepto de pagamento total ou parcial, deban aboarse ao contratista, ou sobre a garantía, conforme ao artigo 196.8 da Lei de Contratos do Sector Público.

O cumprimento polo adxudicatario das condicións especiais de execución poderá verificarse polo órgano de contratación en calquera momento durante a execución do contrato e, en todo caso, comprobarase ao tempo da recepción das obras.

Cando o incumprimento se refira á contratación de persoal nos termos indicados na cláusula anterior, será considerada como infracción moi grave aos efectos previstos no artigo 102.2 da Lei de Contratos do Sector Público sempre que o incumprimento supoña unha contratación de nova man de obra que non se atopase en situación de paro superior ao 50% do total da contratada como nova.

b) Por cumprimento defectuoso. Imporanse penalidades por cumprimento defectuoso nos seguintes termos:

- Se, ao tempo da recepción, as obras non se atopan en estado de ser recibidas por causas imputables ao contratista.
- Como regra xeral, a súa contía será unha 1% do presuposto do contrato, salvo que, motivadamente, o órgano de contratación estime que o incumprimento é grave ou moi grave, en cuxo caso poderán alcanzar ata un 5% ou ata o máximo legal do 10%, respectivamente. A reiteración no incumprimento poderá terse en conta para valorar a gravidade.
- En todo caso, a imposición das penalidades non eximirá o contratista da obriga que legalmente incúmbelle en canto á reparación dos defectos.

c) Por incumprir criterios de adxudicación. Imporanse ao contratista penalidades por incumprir os criterios de adxudicación nos seguintes termos:

- Se, durante a execución do contrato ou ao tempo da súa recepción, se aprecia que, por causas imputables ao contratista, se incumpriu algún ou algúns dos compromisos asumidos na súa oferta, en especial os relativos ao volume de man de obra a utilizar na execución do contrato.
- Para considerar que o incumprimento afecta a un criterio de adxudicación será preciso que ao descontarse un 25 por 100 da puntuación obtida polo contratista no criterio de adxudicación incumprido, resultase que a súa oferta non sería a mellor valorada.

- Como regra xeral, a súa contía será unha 1% do presuposto do contrato, salvo que, motivadamente, o órgano de contratación estime que o incumprimento é grave ou moi grave, en cuxo caso poderán alcanzar ata un 5% ou ata o máximo legal do 10%, respectivamente. A reiteración no incumprimento poderá terse en conta para valorar a gravidade.

d) Por demora. Cando o contratista, por causas que lle fosen imputables, incorrese en demora, tanto en relación co prazo total coma cos prazos parciais establecidos, estarase ao disposto no artigo 196 da Lei de Contratos do Sector Público en canto á imposición destas penalidades.

37. Subcontratación.

A subcontratación rexerese polo disposto na Lei de Contratos do Sector Público ([arts. 210 y 211](#)).

En todo caso, e de conformidade co que dispón o artigo 17.5 do Real Decreto-Lei 9/2008, do 28 de novembro, os contratistas deberán aboar aos subcontratistas o prezo pactado polas prestacións a realización das cales lles encomendaran no prazo máximo de trinta días naturais, computado dende a data de aprobación polo contratista principal da factura emitida polo subcontratista ou subministrador.

Cando o contratista incumpra as condicións para a subcontratación establecidas no artigo 210.2 da Lei de Contratos do Sector Público ou o límite máximo especial establecido para a subcontratación imponese a penalidade regulada no artigo 210.3, con suxeición ao seguinte:

- Farase efectiva mediante dedución das cantidades que, en concepto de pagamento total ou parcial, deban aboarse ao contratista, ou sobre a garantía, conforme ao artigo 196.8 da **LCSP**.
- Como regra xeral, a súa contía será unha 5% do importe do subcontrato, salvo que, motivadamente, o órgano de contratación estime que o incumprimento é grave ou moi grave, en cuxo caso poderán alcanzar ata un 10% ou ata o máximo legal do 50%, respectivamente. A reiteración no incumprimento poderá terse en conta para valorar a gravidade.

38. Cumprimento do contrato.

A recepción do contrato rexerese polo establecido no artigo 283 da LCSP.

Ao tempo da recepción comprobarase en particular o cumprimento polo contratista das seguintes obrigas:

- 1ª) O cumprimento non defectuoso do contrato
- 2ª) O cumprimento dos criterios de adxudicación.
- 3ª) O cumprimento das condicións de execución.

Durante a execución do contrato a empresa adxudicataria informará ao órgano de contratación mediante a presentación da correspondente declaración acreditativa dos postos de traballo creados así como das altas de novos traballadores e das baixas que se produzan, con respecto á primeira declaración que efectue conforme ó sinalado nos pregos. Esta declaración deberá de acompañarse da documentación que se sinala no artigo 23 para cada traballador.

Recepcionada a obra:

-O contratista deberá realizar un informe no que se faga constar o número de traballadores que a empresa adxudicataria destinou á súa execución, con especificación do persoal integrado na empresa e o persoal de novo ingreso.

Deberá figurar nesa relación nomes e apelidos de cada un dos traballadores, o seu número de DNI ou número de identificación do estranxeiro.

O adxudicatario deberá achegar a seguinte documentación:

-Declaración xurada na que faga constar que o persoal integrado na empresa e o novo persoal que se destinou á execución da obra foi o mesmo que se fixo constar antes de que se iniciase a execución do contrato, ou que se

comunicou durante a súa execución, sen que se destinase ningún outro persoal, e que a modalidade do contrato de traballo e a súa duración non sufriron modificación respecto ao previamente declarado. Indicarásese en todo caso, cal foi a duración dos contratos de traballo dos traballadores.

-No caso de persoal contratado exclusivamente para o servizo, comunicación de fin de contrato e certificación de empresa, que preceptivamente se lles entregará ou proceda entregar.

O incumprimento das obrigas precisadas relativas aos traballadores contratados será considerado como moi grave, dando lugar ás sancións previstas para tales, sen prexuízo das indemnizacións que procedesen a consecuencia dos danos e prexuízos causados ao Concello, en canto á justificación das subvencións outorgadas.

Coa factura que acompañe á certificación final o contratista deberá entregar unha relación dos traballadores empregados na execución da obra, indicando o nome, apelidos e DNI (ou nº de identificación de estranxeiros) de cada un deles. Deberá acompañarse a esta declaración copia dos contratos de traballo e os TC2.

Sen prexuízo do anterior, a Administración poderá solicitar ao contratista, en calquera momento, a documentación que considere necesaria para os efectos de verificar o cumprimento desta condición especial de execución.

39. Resolución do contrato.

A resolución do contrato rexerese polo establecido con carácter xeral nos artigos 205 a 208 da Lei de Contratos do Sector Público e especificamente para o contrato de obras nos artigos 220 a 222 da devandita Lei, así como nos artigos 109 a 113 e 172 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas.

En particular considerarase causa de resolución de contrato o suposto de incumprimento da condición de execución establecida na cláusula 27 no seu primeiro parágrafo cando este se deba considerar como moi grave de conformidade co establecido na cláusula 28, letra a) último parágrafo.

En todo caso en caso de resolución do contrato por causa imputable ao contratista estarase ao disposto no artigo 208.4 da Lei.

40. Prazo de garantía.

O prazo de garantía será de un (6) meses e comezará a partir da recepción provisional das obras.

Durante este prazo aplicarase o establecido no artigo 167 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas en canto ás obrigas do contratista, así como no relativo á facultade da Administración de, en caso de incumprimento, executar a custa daquel os traballos necesarios para a conservación da obra.

Todos os gastos que se ocasionen pola conservación das obras durante o período de garantía serán de conta do contratista non tendo dereito a ningunha indemnización por este concepto. Exceptúanse os danos ocasionados na obra por forza maior, que serán soportados pola Corporación, se ben esta terá a facultade de esixir ao contratista que realice as obras de reparación.

41. Liquidación

Transcorrido o prazo de garantía a que se refire a cláusula anterior procederase á liquidación do contrato conforme ao disposto no artigo 169 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas.

42. Xurisdición.

As cuestións que poidan formularse durante o desenvolvemento do contrato serán resoltas polo órgano de contratación. Os acordos adoptados para a súa resolución porán fin á vía administrativa, e poderán ser impugnados ante a Xurisdición contencioso-administrativa.

Burela, 25 de marzo de 2010

O Alcalde

Asdo: Alfredo Llano García

ANEXO I

MODELO PROPOSICIÓN OU OFERTA A INCLUIR NO SOBRE Nº 2: OFERTA ECONÓMICA

D. (nome e apelidos da persoa individual que solicita) con DNI nº....., en nome propio (ou en representación de.....), con domicilio para os efectos de notificacións en....., participa no procedemento aberto, con varios criterios de adxudicación, para a execución do servizo denominado....., e comprométese a executar os citados traballos, no prezo que se indica, con estrita suxeición ao proxecto técnico e aos pregos de cláusulas administrativas que acepta íntegramente, ofertando ademais de acordo cos criterios establecidos no presente Prego o seguinte:

Primeiro.

Que acompaña a documentación esixida no Prego de cláusulas administrativas particulares.

-O compromiso, que asumo, de destinar á execución do servizo un total de.....(en número e letra) persoas. Delas,.....(en número e letra) constitúen persoal que está integrado na empresa, e.....(en número e letra) serán traballadores de novo ingreso.

-O compromiso, que asumo, de que o persoal de novo ingreso que se destine á execución do servizo será persoal que se atope en situación legal de desemprego (considerando como tal que se atope nalgún dos supostos do artigo 208 da Lei Xeral da Seguridade Social).

Asemade, achegarei toda a documentación que se me requira polo Concello de Burela aos efectos de poder xustificar a subvención coa que se financia esta obra.

Segundo.

Prezo:

<i>SEN IVE</i>	<i>IVE</i>	<i>TOTAL</i>
<i>(en número e letra)</i>	<i>(en número e letra)</i>	<i>(en número e letra)</i>

(En caso de erro prevalecerá, en todos os importes anteriores, a cifra consignada en letra).

Neste sobre incluíranse tamén, se procede, a proposta relativa aos criterios de adxudicación establecidos no presente Prego.

DATA, LUGAR E SINATURA DO PROPOÑENTE

ANEXO II: MODELO DE CARTEL ESIXIDO CONFORME Á RESOLUCIÓN DO 20 DE XANEIRO DE 2010.

OBRA FINANCIADA POLO GOBERNO DE ESPAÑA

PROMOVIDA POLO CONCELLO DE

Localidad

CONTRATISTA

Nombre Apellido Apellido

DENOMINACIÓN DO PROXECTO

Proyecto

ORZAMENTO

30.000€

PRAZO DE EXECUCIÓN

Diciembre 2010



FONDO ESTATAL PARA EL EMPLEO Y LA SOSTENIBILIDAD LOCAL



GOBIERNO
DE ESPAÑA

MINISTERIO
DE POLÍTICA
TERRITORIAL

***NOTA: NO PRAZO DE EXECUCIÓN HAI QUE INDICAR O PRAZO DE EXECUCIÓN DO SERVIZO, NON DATAS CONCRETAS.**

CONDICIÓN TÉCNICAS DO CARTEL

1. *Material de sinalización*

Os carteis serán de aluminio ou de aceiro galvanizado de 1,8 mm de espesor.
Rotulación: Vinilo adhesivo recortado por ordenador ou serigrafía.

2. *Tamaño*

Tamaño do cartel: 4 metros de longo e 3 metros de alto (horizontal).

3. *Fixación e soporte*

Se se fixa no chan, a fixación consistirá en dous tubos de aceiro de 2,5 mm de espesor galvanizado con recubrimento de 7 mm, suxeitándose a placa con catro ancoraxes de **tornillería** de aceiro galvanizado, aplicando sobre a súa cabeza unha capa de pintura para disimular a súa presenza a parte inferior estará, como mínimo, a 2 m do chan.

Cando a fixación do cartel sexa nun lugar distinto do chan, a súa suxeición terá que prestar especial atención á seguridade das ancoraxes, fixándose coas próteses metálicas galvanizadas idóneas.

En todo caso, a fixación deberá levar o conforme da dirección técnica da obra.

4. *Compoñentes gráficos*

O cartel axustarase, nas características e proporcións de todos os seus elementos, ao deseño establecido no anexo II, de acordo coas seguintes especificacións:

O cartel dividirase en bandas horizontais, das cales:

A primeira dedicarase á descrición da denominación do proxecto. O seu total irá en branco, a excepción do terzo da súa dereita que levará unha impresión en verde **Pantone 357** nos termos do anexo II.

En primeiro termo figurará a lenda «Obra financiada polo goberno de España».

En segundo lugar incluírase a lenda «Promovida polo Concello de», con espazo abondo para incluír, na seguinte liña, a denominación do municipio.

A continuación figurará a denominación do contratista

Seguidamente incluírase a denominación do proxecto.

En quinto lugar ha de sinalarse o presuposto.

E, en último termo, ha de figurar o prazo de execución.

Cando se trate de obras realizadas polo procedemento de execución directa a segunda lenda será «Executada polo Concello de», con espazo abondo para incluír, na liña seguinte, a denominación do municipio.

Na segunda das bandas, no centro, figurará o logotipo de Economía Sostible en vermello **Pantone 186** e verde **Pantone 357** sobre fondo branco.

A terceira banda estará ocupada pola lenda «Fondo Estatal para o Emprego e a **Sostenibilidad Local**», en letras brancas sobre fondo vermello **Pantone 186**.

O espazo restante, que pecha o cartel, incluírá o escudo e logotipo do Goberno de España e a denominación «Ministerio de Política Territorial» (escudo e á súa dereita «Goberno de España» e á súa dereita «Ministerio de Política Territorial») en impresión en negro sobre fondo amarelo **Pantone 116**.